

Exercicio PAU: redacción de artigo divulgativo (máximo 400 palabras)

Tema 4. O Renacemento español.

Específiquense as características do Renacemento en España e explíquese a su evolución, sinalando os autores e obras máis representativos. Mencióense os seguintes autores e algunha das súas obras:

Arquitectura (Rodrigo Gil de Hontañón, Pedro Machuca y Andrés de Vandelvira).

Escultura (Juan de Juni, Alonso de Berruguete).

Pintura (Alonso Sánchez Coello, Luís Morales, Juan de Juanes, Sofonisba Angisola).

Comunmente acéptase o s.XVI como o comezo da influencia do Renacemento italiano en España. O nacemento do Estado Moderno, o desenvolvemento do Imperio Hispánico dos Austrias e as intensas relacións políticas e relixiosas con Italia favoreceron o interese polas artes.

Na estética do Renacemento español poden aparecer certos elementos como o arte nazarí, o gótico castelá ou as tendencias flamengas, con tendencias italianas. A península recibe artistas italianos, envíanse aprendices e artistas alí, impórtanse libros, deseños, cadros... A falta dunha burguesía forte e enriquecida, a maioría dos encargos son da Corte, a nobreza e a Igrexa.



Universidade de Alcalá de Henares


O gótico Isabelino prolongouse ata a chegada do s. XVI cando cala a influencia do Quattrocento. A **arquitectura** pódese dividir en tres fases. Entre 1500 e 1530 aproximadamente desenvólvese o **Plateresco**, con fachadas profusamente decoradas e conservando aínda resquicios góticos. **Rodrigo Gil de Hontañón** proxecta a Universidade de Alcalá de Henares neste estilo.

A segunda fase correspóndese co **Purismo (1530-60)**, caracterizado pola austeridade de inspiracións clásica. **Pedro Machuca** diseña o Palacio de Carlos V na Alhambra seguindo estas pautas (uso do almofado, óculos, arcos de medio punto, patio porticado...) **Andrés de Valdevira** foi outro dos grandes arquitectos do momento, implementando as bóvedas baídas en obras como Sacra Capela do Salvador ou na catedral de Jaén.

A terceira fase arquitectónica corresponde ao estilo **Herreriano (1560-1600)**, cuxo gran expoñente é O Escorial, de Juan de Herrera. Impera a simplicidade, as formas xeométricas "limpas" e a horizontalidade.



Palacio de Carlos V na Alhambra



No que se refire á **escultura** predomina o mármore e a talla en madeira policromada. A temática é casi exclusivamente relixiosa e a escultura procesional acadou gran importancia. Predomina un naturalismo moi expresivo, un “patetismo dramático” para fomentar a devoción.

No primeiro terzo do s. XVI perviviu a tradición gótica ata a chegada de artistas italianos. No segundo terzo do século consolidouse a Escola de Valladolid con Alonso Berruguete e Juan de Juni, ambos desenvolveron a imaxinería relixiosa con rasgos xa manieristas.

Alonso de Berruguete estivo en Italia, onde coñeceu a Miguel Anxo, de quen adoptou a tensión e a paixón. As torsións propias da súa obra obsérvanse no San Sebastián e o Sacrificio de Isaac, figuras pertencentes ao retablo da catedral de Valladolid. As representacións das Piedades e das Crucifixións de **Juan de Juni** deixan patente a expresividade do momento.



Os rasgos renacentistas se difunden na pintura española cando Italia xa derivou cara o Manierismo. Na primeira metade de século **Juan de Juanes** aporta ao contexto o seu pleno coñecemento sobre a arte italiana. Nas súas obras plasma a importancia do debuxo, a volumetría e as paisaxes; como se observa en San Esteban na Sinagoga ou no lenzo Cristo Camiño do Calvario.

Alonso Sánchez Coello foi o introductor da retratística na península Ibérica. Formado en Portugal e Flandes proseguíu a súa carreira como pintor de cámara de Felipe II a partir de 1560. Alí pinta os retratos príncipe Carlos e das infantas, ou A dama do abano, entre outros. Tamén na segunda metade de século destaca **Luis de Morales**, alcumado O Divino. As súas composicións están cheas de melancolía e ascetismo como o Ecce Homo, A Virxe da Leite ou a Adoración dos Reis Magos.

Por último pero non menos importante hai que mencionar a **Sofonisba Anguissola**, de gran renome na época e que traballou na Corte de Felipe II. Realizou retratos nos que afonda na psique dos personaxes como os seus propios autorretrato ou A partida de xadrez.



Estes artigos son unha guía. Sobrepasan (este especialmente) as palabras prescritas pola CIUG tendo en conta que ao enfrentarse a un exame con todo o temario sempre se esquecen certas cousas. Tedes que plasmar os vosos coñecementos (vocabulario artístico, artistas, obras...) pero é un artigo divulgativo polo que a redacción ten que axustarse a ese obxectivo (non esquematicedes ou poñades simplemente “listas” de referentes ou conceptos).